

Documento distribuído por



# Oración a Rosalía

## Enriqueta Otero



**Comisión de Igualdade**

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / [xenero@consellodacultura.org](mailto:xenero@consellodacultura.org)

## ORACIÓN A ROSALÍA

\_\_\_\_\_ !Ay, Rosalía de Castro dame forzas!...

Os meus bolsilliños rotos  
A miña sartén sin rabo  
A miña lareira fría  
¡Y o que levo xá andado! ...

.....  
Por los carreiriños tortos  
Por valados con silveiras  
E chamando n'as ventanas  
Polos loureiros d'horto  
E agardando n'a corte  
A que se marchen os veciños  
E contandolles as penas  
Os amigos muy baixiño...!  
E camiñando pola noite  
E durmindo polo día  
¡Si ti viras miña Santa!  
¡Miña Santa Rosalía! ...

.....  
Si ti viviras hoxe e viras o que fixeron  
Ca túa amada Galicia... ¡louquearías!  
Ven o creo, e sin remedio te viñas  
Polo mundo com'eu marcho  
Cos olliños cheos de bagoas  
!E c'os puños apretados!...  
Si por Galicia pasaras  
Nos "Airiños" da túa vida  
E viras o qu'eu vexo...  
Farías o que eu fago  
Sentirías o qu'eu sinto  
E deixarías o qu'eu deixo ...

.....  
Os qu'a fondaron o mundo  
Berraron aquí "¡Arriba!" ...  
¡E dendentón non hay Patrea  
Máis desdichada c'a miña! ...  
¡Xa non boan aruruxos!  
¡Xa non cantan "alalás"!  
Os mozos qu'iban a rúa  
Pola noites de luar! ...  
¡Xa moitos están n'a fosa  
Outros presos ou fuxidos  
Outros mortíños de fame  
Y outros de medo encollidos ...  
Y hastra me vou percatando  
De c'os paisaxes tan lindos que ti cantache...  
¡Padrón! Padrón! Lesstroke!...

Y en tantos sitios,  
Xa a frescura non lucen  
Que deu calor ateu numen  
¡Todo se m'antoxa triste  
Porqu'a gaita xa non sinto  
Porque todos van de negro  
Y a terra meiga está de loito  
Cando ti estabas...chorache polos probes  
Sendo ricos...  
Chorache polas viudas  
Dos qu'inderan vivos  
Y apostrofache valente  
Os que nos calumniaban  
E non tiñan de nos mente  
E si por todos chorache  
Co delor de todos xuntos  
Hoxe tamén ¡seino certo!  
M'axudaras n'esta loita  
Pra libertar o noso pobo  
Que non canta nin aturuxa...

.....  
¡Rosalía, miña Santa! Dame forzas!...  
Forzas! Moitas!...

    Que xa che vai por set'anos...  
¡Sete anos!...Día non se fixo...  
María dos Delores pregunta:  
¡Cando chegará aquel que non haxa...! PROBES nin RICOS!...

Enriqueta Otero